



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Bravo Bernárdez, Jorge
Carballo González, Angeles
Diz Ferreiro, Paula
Fernández Fernández, Federico
Fernández Iglesias, Manuel José
Ledo Fernández, Juan
Ríos Santomé, M^a. José
Valderrama Santomé, Mónica
Valeije Álvarez, Inmaculada
Vaquero Díaz, Beatriz
■ ESCULPA ASISTENCIA
Hernández Martín, Primo

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, do día 17 de febreiro de dous mil doce, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda na Sala de Xuntas de Xerencia.

O venres, día **17 de febreiro 2012**, ás 10:00 horas, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 17 de novembro de 2011.
2. Aprobación, se procede, dos calendarios electorais para as eleccións de estudantes a membros do Claustro Universitario, eleccións de representantes de estudantes nos consellos de departamento e eleccións de representantes do PAS e do persoal docente e investigador nos consellos de departamentos.
3. Aprobación, se procede, do procedemento para a elección de membros do Claustro Universitario e ratificación, se procede, dos procedementos para a elección de representantes de estudantes nos consellos de departamento e do procedemento para a elección de representantes de persoal docente e investigador a tempo parcial non doutor, do persoal investigador en formación e do PAS nos consellos de departamento, aprobados pola Comisión Electoral en data 02/11/2011.
4. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 17 de novembro de 2011.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Aprobación, se procede, dos calendarios electorais para as eleccións de estudantes a membros do Claustro Universitario, eleccións de representantes de estudantes nos consellos de departamento e eleccións de representantes do PAS e do persoal docente e investigador nos consellos de departamentos.

Intervén o presidente da Comisión Electoral, quen pasa a informar que no ano 2010 se convocaron eleccións para a renovación total do Claustro Universitario, polo que, de acordo co artigo 33 dos Estatutos, este ano é necesario convocar eleccións para a renovación do sector estudantes, o que supón a renovación parcial do Claustro Universitario.

Continúa dando conta da normativa electoral: sinala, que o artigo 39.n dos Estatutos establece que lle corresponde ao Consello de Goberno a convocatoria de eleccións para a renovación total ou parcial do Claustro; que, por outra banda, o mencionado artigo 33 dos Estatutos dispón que os membros do Claustro Universitario serán elixidos por 4 anos, excepto o alumnado, que o será por 2 anos. Seguidamente di que, tendo en conta o artigo 4 do Regulamento do Claustro Universitario, se dispón que a convocatoria de eleccións a realiza o reitor, despois da reunión da Mesa do Claustro, e que a Comisión Electoral elaborará o calendario, o censo e o procedemento electoral.

O presidente informa, que o Consello de Goberno deu a súa autorización para que se proceda á convocatoria da renovación parcial do Claustro Universitario, mediante o acordo adoptado no Consello de Goberno de 8 de febreiro de 2012. Procede seguidamente a explicar o calendario electoral que se achegou coa documentación da convocatoria, e que ten como obxectivo empezar canto antes o proceso electoral coa idea de ter rematadas as votacións antes do comezo dos exames.

Seguidamente, di que se celebrarán simultaneamente eleccións de representantes de estudantes nos consellos de departamento, e procede a dar conta do calendario electoral.

Apróbase por asentimento os calendarios que figuran no **Anexo I**.

Punto 3. Aprobación, se procede, do procedemento para a elección de membros do Claustro Universitario e ratificación, se procede, dos procedementos para a elección de representantes de estudantes nos consellos de departamento e do procedemento para a elección de representantes de persoal docente e investigador a tempo parcial non doutor, do persoal investigador en formación e do PAS nos consellos de departamento, aprobados pola Comisión Electoral en data 02/11/2011.

O presidente da Comisión Electoral dá conta de que a reforma da normativa non afecta ao fondo, senón que adapta o texto completo do regulamento ao linguaxe non sexista. Destaca, que o art. 13.2 establece que no caso de que dous ou máis candidatos ou candidatas obteñan o mesmo número de votos se dará preferencia para a proclamación á persoa de maior antigüidade. Sinala, que o artigo contradice outras normativas internas que utilizan como criterio de desempate o criterio de xénero menos representado de acordo coas normas de paridade. Informa, que o regulamento que se presenta non se pode adecuar ás devanditas normas, porque o art. 6.6 do Regulamento de réxime interno do Claustro establece igualmente o criterio de “proclamar a persoa de maior idade”. Tratándose dunha norma de rango superior, o principio de xerarquía normativa veda a Comisión Electoral a competencia para modificar a redacción e axustala ás normas de paridade.

Intervén o Sr. Federico Fernández para recomendar que, da propia Comisión Electoral, salga unha proposición que eleve á Mesa do Claustro a necesidade de proceder á harmonización da normativa interna coas normas de paridade, e fai unha solicitude expresa respecto diso.

Intervén a Sra. María José Ríos para facer preguntas sobre o art. 22.2 do Regulamento.

Intervén o Prof. Jorge Bravo para indicar algún posible erro gramatical no texto.

Apróbase por asentimento e ratifícanse os procedementos, recollidos no **Anexo II**, que se aprobaron en sesións anteriores de eleccións de representantes de estudantes nos consellos de departamento e de representantes do persoal docente e investigador a tempo parcial non doutor, de persoal en formación e do persoal de administración e servizos no consello de departamento.

Intervén o Sr. Juan Ledo para mostrar o seu desacordo pola porcentaxe de representación do 25% dos estudantes, sendo a metade dos estudantes do terceiro ciclo.


O presidente da Comisión Electoral respóndelle que a porcentaxe de representación dos estudantes nos consellos de departamento vén imposta polo art. 45 dos Estatutos.

Punto 4. Rogos e preguntas.

Non hai.


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:30 horas do día 17 de febreiro de 2012 da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co visto e praxe do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral



Manuel Fernández Iglesias

A secretaria da Comisión Electoral



Mª Inmaculada Valeije Álvarez